

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 5 DE MAIO DO 2016.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b></p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b></p> <p>D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández</p>	<p><b>Interventor:</b></p> <p>D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Vilasó Martínez (Funcionaria do Departamento de Intervención, en substitución do Interventor acctal.)</p> <p><b>Secretario Xeral</b></p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>D<sup>a</sup> Fabiola García Martínez</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos do día cinco de maio do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**


Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 28 de abril de 2016.

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 03/05/2016, do que resulta un total líquido acumulado de 101.818,05 €, e que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido.





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

**B) PROPOSTAS DE GASTO.**


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:


Nº Proposta	1	Data	25/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de fondos para a Biblioteca Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CENTURY PUBLISHERS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	CENTURY PUBLISHERS, S.L.		
NIF/CIF:	B64958614		
Importe (IVE incluído):	2.019,05 €		
Observacións			

Nº Proposta	2	Data	28/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Protección Civil		
DESCRICIÓN DO GASTO	Arranxo de freo dianteiro e outras deficiencias detectadas en I.T.V. do vehículo C8479CD de Protección Civil		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52459904D		
Importe (IVE incluído):	523,08 €		
Observacións			

Nº Proposta	3	Data	02/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de plantas de tempada para diversos espazos axardinados públicos do Concello		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.		
NIF/CIF:	B15847460		
Importe (IVE incluído):	2.164,83 €		
Observacións			

Nº Proposta	4	Data	02/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de carteis e publicidade para a Festa da Dorna 2016	
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - MARÍA MARTÍNEZ VILLAR - DOSTEX, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA		
NIF/CIF:	52930719Z		
Importe (IVE incluído):	2.562,54 €		
Observacións			

Nº Proposta	5	Data	02/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Realización de campaña publicitaria (Microprograma rexional, 4 programas local, 20 cuñas rexional e 100 cuñas comarcal) para a Festa da Dorna 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VOZ DE GALICIA RADIO, S.L.U.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VOZ DE GALICIA RADIO, S.L.U.		
NIF/CIF:	B15054414		
Importe (IVE incluído):	400,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	6	Data	26/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de toldo para a froitería do novo mercado municipal		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- TOLDOS COMPOSTELA, S.C.L. - DIGAR DE ARTES, S.L.
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (26/04/2016)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	TOLDOS COMPOSTELA, S.C.L.		
NIF/CIF:	F15134513		
Importe (IVE incluído):	1.636,08 €		
Observacións			

Nº Proposta	7	Data	05/04/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de poda e limpeza de fincas municipais, retirada de restos e colocación de mobiliario urbano		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.
Informe:	Valoración Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (04/05/2016)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.		
NIF/CIF:	B15555923		





Importe (IVE incluído):	1.246,30 €
Observacións	

Nº Proposta	8	Data	04/05/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de poda de seguridade e poda con balona de 11 palmeiras de zonas axardinadas municipais		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MIGUEL ÁNGEL JAMARDO FIGUEIRA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MIGUEL ÁNGEL JAMARDO FIGUEIRA		
NIF/CIF:	76968074T		
Importe (IVE incluído):	850,11 €		
Observacións			

#### AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO Á INSERCIÓN SOCIO-FAMILIAR

1.- Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M<sup>a</sup> Esther Patiño Rey, de data 12/04/2016, en relación ao escrito presentado por **Abdesllam Serroukh**, de data 07/03/2016 (Rexistro de entrada nº 2.150), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.


A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 08/04/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Conceder a Abdesllam Serroukh** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **520,00 €**, para sufragar os gastos correspondentes ao pago de dous meses de aluguer da súa vivenda.

2.- Visto o escrito presentado por **Angelina dos Santos García**, de data 15/03/2016, no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 23/03/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Conceder a Angelina dos Santos García** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **275,00 €**, para sufragar os gastos correspondentes á adquisición e instalación dun quentador de auga.





3.- Visto o escrito presentado por **Josefa Mos Suárez**, de data 29/04/2016 (Rexistro de entrada nº 4.959), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampredo, de data 02/05/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Conceder a Josefa Mos Suárez** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **289,00 €**, para sufragar os gastos correspondentes á adquisición dunha cociña de gas.

### III.- CONTRATACIÓN.

#### DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "SERVIZOS DE APOIO DE COMUNICACIÓN E PUBLICIDADE DO PROXECTO "RIVEIRA ATLÁNTICA 2015".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para a prestación dos servizos de "Apoio de comunicación e publicidade do proxecto "RIVEIRA ATLÁNTICA 2015".


A adxudicación realizouse por Decreto da Alcaldía da data 11/05/2012, a favor de "RELACIONES PÚBLICAS GALICIA, S.L." (CIF B15042591), e o correspondente contrato asinouuse na data 29/05/2012.


Para responder da boa execución do contrato o contratista depositou unha garantía definitiva de 1.975,00 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 07/05/2012 (nº de operación 2012 33001536), polo aval de BBVA, da data 03/05/2012, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 0182000748139.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal, Uxía Landeira Pereira, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 02/05/2016, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co*





artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), adopta o seguinte acordo:

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 1.975,00 euros constituída por "RELACIONES PÚBLICAS GALICIA, S.L." (CIF B15042591), para responder da execución do contrato de servizos de "Apoio de comunicación e publicidade do proxecto "RIVEIRA ATLÁNTICA 2015".

#### IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 29 de abril de 2016 "**Decreto: Aprobación de propostas de gastos**", que a continuación se transcribe:

*"DECRETO.- APROBACIÓN DE PROPOSTA DE GASTOS*

##### ANTECEDENTES

*Vista as propostas de gastos relativas aos seguintes subministrados e/ou servizos:*

- Traslado de maquinaria da carpa que albergaba o mercado provisional ao novo edificio do mercado, así como modificacións de fontanería e electricidade.*
- Traballos de desbroce en ambas marxes da ruta do río Arlés, 4 veces ao ano.*
- Subministro e instalación de rótulos no novo mercado municipal.*

*Visto o orzamento presentados polas empresas:*


- Obras e Servizos Lijó S.L., CIF B15970692, polo importe de 19.398,66 euros (ive incluído).*
- Servizos E.I.L., CIF B70271614, polo importe de 5.566,00 euros (ive incluído).*
- Dostex S.L., CIF B15944002, polo importe de 851,84 euros (ive incluído).*


*Visto o informe da enxeñeira municipal en relación ca proposta de traslado de maquinaria ao novo mercado, no que propón anular o acordo da X.G.L. na sesión celebrada o 14.04.16 a favor da empresa Obras y Servizos Lijó S.L. polo importe de 5.474,91 euros, xa que é necesario contratar máis traballos que os inicialmente previstos.*

##### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

*1. Considerando que a competencia orixinaria para a aprobación desta proposta corresponde a esta alcaldía, en base ao previsto na disposición adicional 2ª da Lei 30/07, de 30 de novembro, polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público.*

*2. Considerando que a proposta presentada é constitutiva de contrato menor, de acordo co previsto nos artigos 95 e 122.3 da Lei 30/07, estando por tanto exenta de fiscalización previa, segundo dispón o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser por tanto obxecto dunha fiscalización plena posterior co fin de verificar que se axustan ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao do cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.*





3. *Vistas as atribucións conferidas polo artigo 185 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

*Esta alcaldía RESOLVE:*

*Primeiro.- Autorizar e comprometer os gastos de referencia segundo as distintas propostas anteriormente mencionadas e polos importes referidos.*

*Segundo.- Anular o acordo da X.G.L. na sesión celebrada o 14.04.16 a favor da empresa Obras y Servicios Lijó S.L. polo importe de 5.474,91 euros.*

*Terceiro.- De acordo co disposto no artigo 14 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, AVOCAR a competencia para a aprobación do acordo sinalado no punto anterior, delegada pola alcaldía na xunta de goberno local en virtude do previsto na base de execución do orzamento municipal nº 13. Desta avocación darase conta á xunta de goberno local na vindeira sesión a celebrar por este órgano.*

*Esta avocación ven motivada pola necesidade de comezar a prestación do servizo de xeito inmediato.*

*Cuarto.- Requerir a incorporación ó expediente da factura correspondente unha vez que teñen sido efectuadas as correspondentes prestacións, que deberá reunir os requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido.*

*Quinto.- Da presente resolución darase conta ó Pleno do Concello, na vindeira sesión ordinaria que este órgano realice, dando cumprimento así ó previsto no artigo 140.4, en relación co 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e rexime xurídico das entidades locais.”*

#### **V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS**


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


#### **VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





### VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Juan Antonio Parada González**, de data 06/04/2016 (Rexistro de entrada nº 3.711), no que solicita certificación urbanística de parcela situada en Rúa das Cobas, nº 49 – Castiñeiras.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 26/04/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A01901332

Solicítase por parte do solicitante certificación de que a parcela de referencia catastral 15074A01901332 ten entrada pola Rúa Cobas e está en solo urbano Ordenanza 6.3 A.

Analizada a documentación presentada e consultados os servizos técnicos municipais se informa que a parcela de referencia ten entrada por Rúa Cobas e se sitúa en solo Urbano Ordenanza 6.3 A.

2.- Visto o escrito presentado por **María Manuela Pazos Ageitos**, de data 28/04/2016 (Rexistro de entrada nº 4.891), no que solicita certificación sobre lindes de finca situada en Rúa de Galicia – Palmeira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 04/05/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar á solicitante como segue:


Ref. catastral: 15074A036014350000KH

Solicítase certificación de que a finca arriba mencionada linda polo vento Sur coa AC-305.


Persoados os Servizos Técnicos Municipais na Finca, infórmase que linda polo Sur coa AC-305, que no tramo urbano de Palmeira se denomina Rúa de Galicia.

3.- Visto o escrito presentado por **Alberto Lema Reino**, de data 07/04/2016 (Rexistro de entrada nº 3.785), no que solicita información urbanística de parcela situada en Rúa Real, nº 20 – Corrubedo.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 02/05/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:







Categoría solo: Urbano non consolidado polígono

LEGISLACIÓN APLICADA

- *Plan General de Ordenación municipal (PXOM), aprobado definitivamente según acuerdo plenario de la Corporación de 17/12/02*
  - **Polígono número 39**
  - 1.-Localización
  - Corrubedo
  - Plano de Ordenación número 7.2. E: 1/2000
  - 2.-Superficie total: 6.400 m<sup>2</sup>
  - 3.-Aprovechamientos lucrativos: 2.880 m<sup>2</sup>
  - 4.-Superficie cesiones (Sistema Local)
  - - Red Viaria: 900 m<sup>2</sup>
  - - Equipamientos: 1.000 m<sup>2</sup>
  - - Total: 1.900 m<sup>2</sup>
  - 5.-Clase de suelo:
  - Urbano no Consolidado
  - 6.-Incluido en Área de Reparto número: ARP - P39
  - 7.-Objetivos
  - Apertura de un vial que enlace la calle Cantón con calle atalaya y otro de calle Rúa Prado con calle Rúa la Fonte, y obtención de espacios para equipamientos comunitarios dotacionales.
  - 8.-Condiciones de edificación
  - - Altura máxima: B + 1
  - - Alineaciones:
  - - Usos: Residencial unifamiliar
  - - Ordenanza: Número 6
  - 9.-Desarrollo y gestión
  - El desarrollo de este polígono se realizará mediante Estudio de Detalle y su gestión mediante compensación.
  - 10.-Observaciones
  - La limitación para uso residencial será la establecida en el artículo 11.1.b de la Lei do solo de Galicia.
- *Ley 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.*

Disposición transitoria primera:


2. a- Al suelo urbano que reúna las condiciones establecidas en el art. 17.b de esta ley se aplicará lo dispuesto en ella para suelo urbano no consolidado.

Artículo 21. *Deberes de los propietarios de suelo urbano no consolidado*

1. En el suelo urbano no consolidado, definido en el artículo 17.b), puntos 1 e 2, los propietarios tienen los siguientes deberes:

a) Ceder obligatoria y gratuitamente al Ayuntamiento el suelo destinado al sistema local de espacios libres, zonas verdes y equipamientos, y a la Administración titular correspondiente, el destinado a viales.

b) Ceder obligatoria, gratuitamente y sin cargas a la Administración municipal el suelo necesario para la ejecución de los sistemas generales que el Plan General incluya o adscriba al





polígono en que estén comprendidos los terrenos, así como ejecutar la urbanización únicamente de los incluidos no polígono en las condiciones que determine el plan.

c) Costear y, si es el caso, ejecutar o completar las obras de urbanización del polígono, así como las conexiones con los sistemas generales existentes, en los plazos establecidos por el planeamiento.

d) Ceder obligatoria, gratuitamente y libre de cargas al Ayuntamiento el suelo correspondiente al 10 % del aprovechamiento tipo del área de repartición. La Administración no tendrá que contribuir a las cargas de urbanización correspondientes de esos terrenos, que deberán ser asumidas por los propietarios.

e) Garantizar el realojamiento de los ocupantes legales que se precise desalojar de inmuebles situados en el área de actuación y que constituyan su residencia habitual, así como el retorno cuando tengan derecho a él, en los términos establecidos en la legislación vigente.

f) Proceder a la distribución equitativa de los beneficios y cargas del planeamiento con anterioridad al inicio de su ejecución material.

g) Edificar los solares en el plazo establecido.

2. En suelo urbano no consolidado en que sean necesarias actuaciones de dotación, los deberes anteriores se exigirán con las siguientes particularidades:

a) El deber de cesión al Ayuntamiento obligatoria, gratuitamente y sin cargas del suelo correspondiente al aprovechamiento urbanístico que le corresponda se determinará atendiendo solo al incremento de edificabilidad media ponderada que, si es el caso, resulte de la modificación del instrumento urbanístico, y podrá cumplirse, se é o caso, mediante a substitución da entrega de solo polo su valor en metálico, coa finalidade de costear la parte de financiación pública que pueda estar prevista en la propia actuación, o integrarse en el patrimonio público del suelo, con destino preferente a actuaciones de rehabilitación o de regeneración y renovación urbanas. 2. En suelo urbano no consolidado en el que sean necesarias actuaciones de dotación, los deberes anteriores se exigirán con las siguientes particularidades:

b) El deber de entregar a la Administración el suelo para dotaciones públicas relacionado con el reajuste de su proporción podrá sustituirse, en el caso de imposibilidad física de materializarlo en el ámbito correspondiente, por la entrega de superficie edificada o edificabilidad no lucrativa en un complejo inmobiliario situado dentro de él.

3. Con independencia de lo establecido en los puntos anteriores, con carácter excepcional y siempre que se justifique adecuadamente que no cabe ninguna otra solución técnica o económicamente viable, los instrumentos de ordenación urbanística podrán eximir del cumplimiento de los deberes de nuevas entregas de suelo que les correspondan a actuaciones sobre zonas con un alto grado de degradación e inexistencia material de solos disponibles en su contorno inmediato.


La misma regla podrá aplicarse a los incrementos de densidad o edificabilidad que sean precisos para sustituir la infravivienda por vivienda que reúna los requisitos legalmente exigibles, con destino al realojamiento y al retorno que exija la correspondiente actuación.

4. No podrá ser edificado ni parcelado ningún terreo que non reúna a condición de solar, sino se asegura la ejecución simultánea de la urbanización y de la edificación mediante aval que deberá alcanzar el coste estimado de las obras de urbanización y las demás garantías que se determinen reglamentariamente.

#### CONDICIONES PARTICULARES

La parcela está situada en suelo urbano no consolidado, dentro del Polígono 39 cuya ficha se describió en el apartado "legislación aplicable" de este informe. Es de aplicación lo expuesto





en dicho apartado sobre obligaciones de los propietarios en este tipo de suelo según lo dispuesto en el Art.21 "Deberes de los propietarios de suelo urbano no consolidado"  
Se solicita información sobre la viabilidad de las obras solicitadas mediante escrito con registro de entrada 3785/2016. Analizado dicho escrito se constata que la edificación actual presenta deficiencias en materia de aislamiento, salubridad y conservación. Las obras en cuestión consisten en la mejora de estos aspectos para lo cual se proponen obras de aumento de altura del bajo cubierta existente para aumentar espacio y disponer de otras estancias al tiempo que se ajustan a las actuales normativas de habitabilidad. Se justifica que estas obras no suponen aumento superior al 35% de la superficie edificada.

#### INFORME

La edificación se encuentra en suelo urbano no consolidado por lo que no podrá ser edificado ningún solar sino se asegura la ejecución simultánea de la urbanización. Analizada la solicitud se comprueba que las obras solicitadas suponen consolidación, modificación estructural y aumento de volumen. También se comprueba que según la descripción de la vivienda aportada, esta tiene una superficie de 412 m<sup>2</sup>.

Se considera que la superficie de vivienda declarada (412 m<sup>2</sup>.) no justifica la necesidad de ampliación para mejora de condiciones higienico sanitarias, ya que existe la alternativa de reacondicionar interiormente mediante la incorporación de baños y otras estancias en la superficie existente.

4.- Visto o escrito presentado por **Elena Pérez Cameán**, de data 20/04/2016 (Rexistro de entrada nº 4.500), no que solicita información urbanística de parcela situada en Couso.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo **Aparellador Municipal, Jesús García Ramos**, de data 03/05/2016, por unanimidade dos presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Categoría solo: Urbanizable delimitado SUZ 1

Referencia catastral: 15074 A 02300054000KI

#### LEGISLACIÓN APLICADA


LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.


Disposición transitoria primeira. Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento

2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

b) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable.

Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.





Malia o anterior, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado inicialmente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle o réxime do solo urbanizable previsto nela.

Así mesmo, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

Artigo 28. Réxime do solo urbanizable

1. Os propietarios de solo clasificado como urbanizable terán dereito a promover a súa transformación, solicitando ao concello a aprobación do correspondente planeamento de desenvolvemento, de conformidade co establecido nesta lei e no plan xeral de ordenación municipal, ou proceder ao seu desenvolvemento se xa está ordenado directamente no plan xeral.

2. No solo urbanizable, en tanto non se aprobe a correspondente ordenación detallada, non poderán realizarse construcións, agás as que se vaian executar mediante a redacción de plans especiais de infraestruturas e as de carácter provisional, nas condicións establecidas no artigo 89.

CONCLUSIÓN

La parcela se encuentra situada en suelo clasificado por el PXOM como **urbanizable**, y le corresponde el régimen que se desarrolla en el apartado "condiciones generales de este informe"

**IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





## XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o informe presentado pola Policía Local, de data 29/04/2016, no que sinala:

*“Solicitante: Javier Calvo Portela*

*Asunto: Solicitud de vado permanente en la calle Xosé Ramón Barreiro nº 1  
Nº entrada P.L.: 2256/15*

*En relación con el escrito arriba referenciado para la solicitud de vado permanente en la calle Xosé Ramón Barreiro nº 1. INFORMA:*

*Que aprobado en la Junta de Gobierno Local en fecha 17 de septiembre del 2015 (Registro entrada concello 9.042), se le concede autorización para la instalación de señal de vado permanente, así mismo retirar las rampas sobre la acera, a día de la fecha está colocada la señal de vado permanente, pintada la línea amarilla, **pero no están retiradas las rampas construidas sobre la acera.***

*Debiéndose usar para tal fin unas rampas portátiles para servise de ellas en el momento de su uso.”*

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Instar a Javier Calvo Portela**, en representación de **Mecánica Xarás, S.L.** para que proceda de xeito inmediato á retirada das ramplas xa construídas para evitar o obstáculo na beirarrúa, debendo usar para tal fin unhas ramplas portátiles para servirse delas no momento do seu uso, e posterior retirada das mesmas. Tal e como se indica no acordo de concesión de vao permanente de data 17/09/2015; advertíndolle que é un condicionante de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente:

*“(…)*


*Así mesmo, o solicitante deberá proceder á retirada das dúas ramplas xa construídas para evitar o obstáculo na beirarrúa, debendo usar para tal fin unhas ramplas portátiles para servirse delas no momento do seu uso, e posterior retirada das mesmas.*

- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.”*

## XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 326/2016 remitida polo **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Sec. 003 – A Coruña**, de data 20/04/2016, polo que se estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo





(Procedemento Ordinario 7655/2012) presentado polo contrario contra a desestimación presunta de reclamación por responsabilidade patrimonial de data 31/10/2011, declarando a responsabilidade patrimonial do Concello de Riveira polos danos e prexuízos derivados desta reclamación, e condenado a este concello a que indemnice aos actores na contía proporcional que resulten do explicado no fundamento de dereito cuarto, á suma total de 273.375,00 €, cos xuros legais que puideran devengarse.

A Xunta de **Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Que se **proceda á execución da sentenza** nº 326/2016 emitida polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia Con/Ad Sec. 003 – A Coruña, na data 20/04/2016.
- b) Dar traslado da dita sentenza ás entidades **Mapfre Seguros de Empresas**, para que proceda ao abono da indemnización aos actores, na contía proporcional estipulada polo fundamento de dereito cuarto da citada sentenza, nun total de 273.375,00 €, cos xuros legais que puideran devengarse; e a **Artai Consultoría de Seguros** para o coñecemento da mesma e aos efectos oportunos.

2.- Visto o escrito presentado por **José Manuel de la Iglesia Martínez**, de data 28/04/2016 (Rexistro de entrada nº 4.899), no que solicita unha zona reservada para aparcamento para persoas con mobilidade reducida no lugar de Lomba – Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 02/05/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:


Autorizar a habilitación dunha zona reservada para aparcamento para persoas con mobilidade reducida no lugar de Lomba – Palmeira, según o sinalado no citado informe policial.

#### ADJUDICACIÓN DE ENAJENACIÓN DIRECTA DE BIEN NO UTILIZABLE (CAMIÓN-7696 BCB)

**VISTO** que el Ayuntamiento es propietario del bien mueble “CAMIÓN, matrícula 7696 BCB, equipado con cisterna de 4.000 litros de capacidad y grúa de elevación tras cabina, marca Hergos, modelo 23500/0 nº 1125, instalada señalización óptico-acústica de servicios especiales”

**VISTO** que se trata de un bien obsoleto, deteriorado por el uso, en el que concurre alguna de las circunstancias previstas en el artículo 137.4 de la Ley





33/2003, por lo que se considera como procedimiento más adecuado la adjudicación directa.

**VISTO** que la Junta de Gobierno Local en Sesión de 4 de febreiro de 2016 acordó:

**PRIMERO.** *Iniciar el procedimiento por adjudicación directa para la enajenación del bien mueble no utilizable **CAMIÓN, matrícula 7696 BCB, equipado con cisterna de 4.000 litros de capacidad y grúa de elevación tras cabina, marca Hergos, modelo 23500/0 nº 1125, instalada señalización óptico-acústica de servicios especiales***

**SEGUNDO.** *Que se redacte el correspondiente Pliego de Condiciones que ha de regir el contrato.*

**TERCERO.** *Dar cuenta de todo lo actuado a esta Junta de Gobierno para que acuerde lo que proceda.*

**VISTO** que con fecha 7 de marzo de 2016, se redactó e incorporó al expediente el Pliego de Condiciones que ha de regir la adjudicación del contrato.

**VISTO** que con fecha 10 de marzo de 2016 la Junta de Gobierno Local acordó:

**PRIMERO.** Aprobar el expediente de contratación para enajenar el bien mueble declarado como no utilizable **CAMIÓN, matrícula 7696 BCB, equipado con cisterna de 4.000 litros de capacidad y grúa de elevación tras cabina, marca Hergos, modelo 23500/0 nº 1125, instalada señalización óptico-acústica de servicios especiales**", propiedad de este Ayuntamiento.


**SEGUNDO.** Aprobar el Pliego de Condiciones que regirá el contrato para la enajenación del bien mueble no utilizable descrito mediante adjudicación directa.

**TERCERO.** Ofertar a D. Rubén Lijó Santos, la enajenación del bien mueble declarado como no utilizable "CAMIÓN, matrícula 7696 BCB, equipado con cisterna de 4.000 litros de capacidad y grúa de elevación tras cabina, marca Hergos, modelo 23500/0 nº 1125, instalada señalización óptico-acústica de servicios especiales", tasado en la cantidad de 1.480,00 €.

**VISTA** la oferta presentada por D. Rubén Lijó Santos por el precio de 1.480,00 €.

Examinada la documentación que la acompaña, visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público aprobado por el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre,

La Junta de Gobierno Local acuerda por unanimidad de sus miembros:





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

**PRIMERO.** Adjudicar a D. Rubén Lijó Santos la enajenación del bien mueble declarado no utilizable CAMIÓN, matrícula 7696 BCB, equipado con cisterna de 4.000 litros de capacidad y grúa de elevación tras cabina, marca Hergos, modelo 23500/0 nº 1125, instalada señalización óptico-acústica de servicios especiales\_


**SEGUNDO.** Notificar a D. Rubén Lijó Santos, adjudicatario del contrato, la presente Resolución y citarle para la firma del contrato que tendrá lugar en Casa Consistorial el jueves, 12 de mayo de 2016, a las 14:00 horas.

**TERCERO.** Anotar la enajenación en el Inventario Municipal de Bienes al efecto de actualizarlo, una vez formalizada la enajenación.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta e vinte minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 5 de maio de 2016

O Alcalde



Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle